

## Danza portuaria

**Arturo Casas**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

CASAS, ARTURO (2011 [2010]). “Danza portuaria”. *La Voz de Galicia*: 27 de xuño de 2010, 37. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/125>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

CASAS, ARTURO (2010). “Danza portuaria”. *La Voz de Galicia*: 27 de xuño de 2010, 37.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## DANZA PORTUARIA

Arturo Casas

A obra intensa de Lois Pereiro revive na lectura como unha danza portuaria e cinematográfica coa morte. Unha danza na que o poema concedido e o poema adiado son espectros que xiran e fuxen da tradición trágica occidental –Sófocles, Shakespeare, Rimbaud, Celan, Valle-Inclán, Bernhard– e arriban ao escenario dunha guerra recén rematada que na lectura se alcanza a tocar cos dedos. Alí, os campos arrasados e un ballet de estraña piedade entrevisto por alguén que agoniza e semella rir; acolá, a cantina ferroviaria e as cancións de berce, a inocencia; ao fondo, a profanación, a inmersión, a vida estremeira... Un cabaret inmenso (a historia!) entre o Danubio e o Báltico, a danza industrial de mercancía e xuventude, gadañas, febre, violencia e desexo.

A obra breve, a vida breve tamén de Lois Pereiro. Orzán e Pena Moa, o Ruhr e o Mar de Aran, igual que no texto no que mellor o dixo todo. Como adoito neste poeta, entre citas e música acumuladas. “Alerta e vixiante”, esa égloga metálica e bukowskiana do xardín de seu. A égloga que pinta Europa como lugar de vida e sabotaxe, pois Europa é en realidade o tema íntegro deste poeta que a amou e a coñeceu nas pintadas suburbiais, nos vales, no resto de discursos.

Ler agora estes libros, o aluvián todo que neles vén con concisión de agullas, é presenciarmos tamén as arquivoltas que preludian toda formulación do suxeito no tempo noso, a construción da subxectividade que explica as coordenadas políticas e morais nas que estamos instalados. Accedemos en efecto a un pórtico expresionista do *eu*, a unha transfusión caótica de textos e imaxes, a unha inminencia da rebelión, a un desexo de refuxio que explica a aparición nalgún poema igualmente relevante do que foi Chiapas a partir daquel xaneiro de 1994. O eu equiparado a unha gárgola multiplicada a deitar os fluídos e os signos da vida contemporánea.

O autor de *Poesía última de amor e enfermidade*, o guionista, o letrista Lois Pereiro, configurou ademais desas paisaxes só relativamente íntimas outras que o son das fantasmagorías colectivas e do *nós* que negociamos cos outros. Fíxoo con lealdade aos grupos cos que converxeu. En particular, en Madrid e A Coruña. E esta ocasión que agora abre a Academia será boa, será óptima, para reler o que foi por exemplo *Luzes de Galiza*, o que foron outras empresas irmandadas con ela, sobre todo o núcleo que, sen excesiva fortuna onomástica, o poeta e os seus camaradas denominaron *De amor e desamor*.

Lois Pereiro non foi un lobo esteparario pero, como na balada australiana que reinventou Tom Waits, viviu moito tempo na compañía soa do seu fardo. E como nesa canción (“Waltzing Matilda”), escoitámolo dicir algo cando foron por el. “Nunca me colleredes vivo”.